Unha vez formada a Conta Xeral do exercicio 2024, integrada pola do Concello e pola do Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias,logo de ser ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas o 29/05/2025, exponse ó público, xunto cos xustificantes e o ditame da Comisión, polo prazo de quince días hábiles, para que durante os cales os interesados poidan presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co artigo 212.3 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Monforte de Lemos, 30 de maio de 2025.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1481

---

## PANTÓN

*Anuncio*

Na sesión ordinaria celebrada o 27.02.2025, o Pleno acordou aprobar inicialmente a Ordenanza non fiscal pola que se establece a regulación dos furanchos no Concello de Pantón, e se procedeu a súa exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do anuncio no BOP núm. 059 do día 13.03.25.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, e segundo o establecido nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considérase definitivamente aprobada a devandita Ordenanza, de maneira que o texto íntegro da mesma é o que deseguido se sinala:

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

"**ORDENANZA NON FISCAL POLA QUE SE ESTABLECE A REGULACIÓN DOS FURANCHOS NO CONCELLO DE PANTÓN**

**ARTIGO 1. OBXECTO**

A presente ordenanza ten por obxecto regular, dentro do termo municipal de Pantón, as condicións e documentación para poder autorizar o local e a actividade de funcionamento dos furanchos ou loureiros, en desenvolvemento do disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, así como na restante normativa que lle fose de aplicación, no correcto exercicio das competencias municipais que neste ámbito lle outorga o ordenamento xurídico vixente.

**ARTIGO 2. DEFINICIÓNS**

Aos efectos desta ordenanza municipal enténdese por:

- *Furancho/Loureiro/Abillado*: local situado na vivenda privada ou dependencia vinculada a ela, que poida ser susceptible de ter un uso de adega, tanto onde se elabore o viño ou onde se almacene; e onde os seus propietarios/as venden o excedente do viño da colleita propia, elaborado na casa para o seu consumo particular, xunto coas tapas que, como produtos alimenticios preparados regularmente por eles/as, sirvan de acompañamento. A dependencia vinculada ten que estar na mesma finca que a casa principal excepto as edificacións agrícolas que sitas en solo rústico cumpran coas condicións anteriores.

O réxime establecido nesta ordenanza para os furanchos será tamén de aplicación aos tradicionais loureiros nos que a única diferencia estriba en que os produtos alimenticios son achegados pola propia clientela; polo que toda referencia aos furanchos cómpre entendelas referidas tamén aos loureiros e mesmo aos tradicionalmente denominados abillados.

- *Excedente de consumo propio*: cantidade de viño que non exceda da que se obteña de aplicar á superficie do seu viñedo, un rendemento máximo de 0,65 litros por metro cadrado.

- *Titular/Persoa interesada*: para o exercicio da actividade terán a condición de persoas interesadas as que acrediten a titularidade de viñedos propios no Rexistro Vitícola de Galicia.

**ARTIGO 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

A presente ordenanza municipal será aplicable a aquelas casas particulares ou dependencias vinculadas a elas que teñan a consideración de furancho segundo o establecido no artigo anterior e estean sitas no termo municipal do Concello de Pantón sen ningunha outra limitación territorial no que respecta á delimitación dos furanchos.

**ARTIGO 4. COMPETENCIAS MUNICIPAIS**

É competencia do Concello de Pantón no que respecta á regulación dos furanchos:

a) A adaptación do réxime xeral regulador dos furanchos, por medio das correspondentes ordenanzas municipais, ás peculiaridades de cada zona dentro do correspondente termo municipal.

b) A delimitación das zonas concretas do seu territorio onde se poidan autorizar estes establecementos.

c) A xestión administrativa dos expedientes municipais derivados do inicio das actividades, períodos de apertura ou peche anticipado dos establecementos, así como a transmisión, cambios de funcionamento ou cese da actividade destes establecementos.

d) A creación e mantemento dun Rexistro Municipal de Furanchos.

e) A concreción do réxime de infraccións e sancións aplicables no ámbito territorial de Pantón, nos supostos de incumprimento do establecido na presente ordenanza e na demais normativa reguladora de aplicación en materia de furanchos.

f) O exercicio da potestade sancionadora no termo municipal de Pantón e dentro do seu ámbito competencial en materia urbanística, de protección do medio ambiente ou en materia de seguridade cidadá entre outras.

g) As funcións de inspección, vixilancia e control permanente do exercicio das actividades desenvolvidas nos furanchos, dentro do termo municipal de Pantón, polos titulares destes establecementos, sen prexuízo das competencias que lle atinxen á administracións autonómica.

**ARTIGO 5. REQUISITOS DOS LOCAIS**

a) A superficie destinada ao público non pode ser inferior a 10 m².

b) Debe contar con aseo (pode ser o aseo da vivenda).

c) Debe dispor de aparcamento excepto en solo urbano ou cando exista nas proximidades un terreo público válido para aparcar.

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

d) Os establecementos deberán reunir as debidas condicións de seguridade e salubridade para o exercicio da actividade e contar con iluminación e ventilación suficiente.

**ARTIGO 6. REQUISITOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE**

a) O período de apertura dos furanchos será como máximo de tres (3) meses entre o 1 de decembro e o 30 de xuño de cada ano.

Excepcionalmente poderase prolongar un (1) mes mais pero nunca poderá ser mais alá do 31 de xullo. No caso de furanchos en distintos locais pero que a titularidade sexa a nome de persoas que convivan na mesma unidade familiar, e/ou parentes ata 2º grado de consanguinidade, as datas de apertura e peche da actividade deberán ser as mesmas.

b) O horario de apertura será o seguinte:

- De Luns a Xoves, Domingos, e festivos: de 12:30 h a 15:00 h e de 20:00 h a 23:00 h
- Venres, Sábados, e vésperas de festivo: de 12:00 h a 24:00 h

c) O viño subministrado non pode ser viño embotellado senón que debe proceder do barril directamente.

d) A degustación do viño poderá ser acompañado de ata un máximo de cinco (5) tipos de tapas a escoller entre os que de seguido se relacionan, sen que en ningún caso poida ofrecerse outra clase de produtos alimenticios:

- Táboa de embutidos-Queixos
- Pementos, variedade Padrón
- Ourella
- Chourizo
- Zorza
- Lombo
- Costela
- Ovos fritidos
- Sardiñas o xurelos á brasa
- Callos con garavanzos ou fabas
- Tortilla de patacas
- Empanada
- Empanadillas
- Croquetas

e) O máximo excedente que se pode vender é 0,65 litros por $m^2$ da superficie das viñas sitas en Concello de Pantón.

f) Os usuarios poden levar comida xa elaborada por eles mesmos nas súas casas.

g) Antes do inicio da tempada de funcionamento e, en todo caso, unha vez ao ano, todos os furanchos acreditarán a realización das declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura. Sen este requisito previo, agás nas excepcións previstas na normativa vitivinícola, o furancho non poderá iniciar a tempada de funcionamento.

h) En todo caso, os/as titulares de furanchos deberán ter regularizada a totalidade das súas viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, de conformidade coa normativa vitícola vixente.

i) Os/as titulares dos furanchos observarán e cumprirán os requisitos sanitarios establecidos no capítulo III e nos capítulos V a XII do anexo II do Regulamento 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, sempre que se cumpra que a actividade que leva a cabo o establecemento se axusta ao indicado no capítulo III. Do mesmo xeito e segundo a actividade desenvolvida, observaranse os requisitos establecidos no Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

j) As persoas titulares dos furanchos deberán, ademais, observar a normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios, a sanitaria fronte ao tabaquismo, así como aquelas que resulten legalmente aplicables.

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

**ARTIGO 7. RÉXIME DE INICIO DE ACTIVIDADE**

1. Para o exercicio da actividade, terán a condición de persoas interesadas as que acrediten a titularidade de viñedos propios no rexistro Vitícola de Galicia, emprazadas neste termo municipal.

2. Para iniciar o exercicio da actividade, as persoas interesadas deberán achegar ao concello, cun mes de antelación á data prevista de inicio, unha declaración responsable previa do cumprimento dos requisitos recollidos no artigo 6, así como no decreto regulador da actividade de furancho e demais normativa aplicable, co compromiso do seu mantemento durante todo o tempo que se desenvolva a actividade de furancho e que se materializará, obrigatoriamente, no modelo oficial de declaración responsable que se incorpora no anexo II da presente ordenanza, así como anexo IV de datos mínimos do rexistro de furanchos.

3. O/a solicitante deberá achegar obrigatoriamente, xunto co modelo normalizado de declaración responsable do anexo desta ordenanza, a seguinte documentación:

- Copia auténtica do DNI do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante, salvo autorización expresa de consulta dos seus datos conforme ao Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- De asinarse a declaración responsable por medio de representante achegará, ademais, a acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.
- Copia auténtica do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
- Documentación acreditativa da referencia catastral da vivenda ou edificación na que se desenvolverá a actividade de furancho.
- Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas das que se extrae o viño utilizado no furancho no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en materia de agricultura.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola na consellería competente en materia de agricultura, agás as excepcións previstas de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- Acreditación dunha subscrición dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, segundo o disposto no artigo 15 da presente ordenanza, así como copia auténtica do correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia no período anual de apertura.
- Documento acreditativo do pago da taxa correspondente (ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenza de apertura de establecementos).
- Sinalamento da elección do período de apertura nos termos establecidos nos artigos 6 e 10 da presente ordenanza.
- Memoria técnica ou proxecto técnico, asinado por facultativo/a competente, que incluirá planos ca localización e ca distribución do local ou recinto e das súas instalacións así como xustificación e pronunciamento expreso do cumprimento:

a) Da normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios (DBSI ou normativa de seguridade contra incendios que no futuro a substitúa incluíndo o cálculo do aforo máximo).

b) Da normativa sanitaria relativa á loita contra o tabaquismo.

c) Do disposto no artigo 5 da presente ordenanza.

d) Daquela outra normativa que resulte legalmente aplicable.

- Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade dos mesmos así como variedade o variedades de uva da que procede.
- Informe técnico-sanitario, subscrito por enólogo colexiado aos efectos, nos que figure a análise do viño posto á venda e que este é apto para o consumo.
- Acreditación do carné de manipulador/a de alimentos.
- Certificado de seguridade e solidez do local ou recinto e das súas instalacións para o uso pretendido, subscrito por técnico competente e debidamente visado. No caso de achegar licenza de primeira ocupación non será necesario dito certificado.
- Indicación das tapas/pinchos que se ofertarán (máximo cinco), dentro das que se establecen no artigo 6.

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

**ARTIGO 8. ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA DE COMPROBACIÓN**

a) A declaración responsable para a apertura inicial dun furancho ou a comunicación de calquera cambio (cambio de titularidade, peche anticipado, baixa definitiva, cambio de denominación, etc) deberán achegarse, obrigatoriamente, nos correspondentes modelos oficiais de declaración responsable ou comunicación que se inclúen nos anexos II, III e IV desta ordenanza, debidamente cumprimentados e con toda a documentación requirida no artigo 7 da presente ordenanza, e serán presentados no rexistro do concello ou por calquera medio válido consonte ao artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, incluído o portelo único, por vía electrónica e a distancia, cando sexa posto en funcionamento, no prazo dun mes antes do inicio da actividade.

b) Presentada a declaración responsable e a documentación preceptiva que se reflicte nos anexos, así como a enumerada no artigo 7 desta ordenanza reguladora, o Concello de Pantón, a través do Servizo Municipal de urbanismo, comprobará o cumprimento dos requisitos, poderá recabar os informes das administracións competentes que sexan oportunos e resolverá a conformidade ou non do declarado, logo da emisión dos informes técnico e xurídico, que serán asinados unha vez axuizado o proxecto e a documentación achegada e despois de efectuarse a correspondente visita técnica de inspección do establecemento no que se desenvolve a actividade furancheira.

c) Analizada a declaración responsable ou a comunicación de calquera cambio de titularidade, se o servizo tramitador aprecia deficiencias ou insuficiencia emendable nos datos ou na documentación achegada requirirá, ao abeiro do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, á persoa declarante ou ao novo suxeito titular a súa emenda, no prazo de dez días hábiles, con advertencia expresa que, de non facelo, teráselle por desistido/da da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada no termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015.

d) A persoa declarante ou o novo suxeito titular poderán solicitar unha ampliación do prazo se no prazo concedido non puideran emendar a deficiencia. Dita solicitude será sempre antes do vencemento do prazo outorgado. Neste caso, entenderase concedida sen necesidade de ditar resolución administrativa confirmatoria por un prazo de cinco días.

e) A resolución municipal sobre a conformidade ou non do declarado co preceptuado nesta ordenanza e demais normativa de aplicación, será ditada polo órgano competente do concello de Concello de Pantón, no prazo máximo de 6 meses contados dende a entrada da documentación no rexistro do concello para a súa tramitación, unha vez verificada a comprobación pautada no punto 2 deste artigo. Se a resolución é de conformidade esta permitirá continuar desenvolvendo a actividade se non rematou a correspondente tempada ou interesar as renovacións posteriores.

f) A comprobación da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, ou o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, representarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade e obrigará ao concello a ditar a correspondente resolución de desconformidade, que lembrará a imposibilidade do inicio da actividade e/ou a obriga de cesamento da actividade declarada, dende o momento en que se teña coñecemento de tales feitos, dando por concluído o expediente con remisión ao servizo de disciplina urbanística competente para propor a adopción das medidas procedentes que garantan o cesamento efectivo e inmediato da actividade, a adopción das medidas sancionadoras e/ou de reposición da legalidade urbanística que poidan corresponder e, no seu caso, comunicación á administración autonómica competente. A incoación e instrución dos correspondentes procedementos administrativos sancionadores efectuaranse sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou de outra natureza xurídica que procedan.

g) Se ao concello xa lle constase o inicio da actividade, por visita dos servizos técnicos, a resolución de desconformidade e ineficacia será proposta polo Servizo de Disciplina urbanística e nela decretarase o cesamento efectivo da actividade e demais medidas determinadas no punto anterior.

h) A persoa declarante ou o/a novo/a titular, nos supostos de cambio de titularidade, ademais da manifestación responsable da veracidade do declarado, están obrigados a posuír no furancho, a disposición do persoal técnico inspector municipal, a documentación que se determina nos artigos 6, 16 e 17 da presente ordenanza, e facilitarán o acceso ao local e ás instalacións ao devandito persoal municipal para as inspeccións, verificacións e comprobacións oportunas.

i) A presentación da declaración responsable, co conseguinte efecto habilitante para o inicio da actividade a partir do mes seguinte á súa presentación, agás resolución de desconformidade ou requirimento de emenda de deficiencias, non prexulgará de xeito algún a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das competencias municipais de comprobación, control, inspección e sancionadoras. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou autorizaciones en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico aplicable e os efectos habilitantes para o inicio das actividades deixarán a salvo, sempre, o dereito de propiedade e entederase que autorizan o desenvolvemento da actividade de furancho sen prexuizo de terceiros.

j) A declaración responsable ou a comunicación de calquer cambio reguladas nesta ordenza, tampouco eximirán da obtención das licenzas e autorizacións que esixa calquera norma sectorial nin do deber de presentación doutras declaracións, comunicacións ou inscricións en rexistros que a devandita normativa

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

impoña para o desenvolvemento da actividade de furancho, nin exoneran a os/as furancheiros/as das obrigas de carácter tributario, fiscal, administrativo e de orde civíl que se establecen no ordenamento xurídico vixente. En todo caso non poderán ser invocadas para disminuíren ou excluíren a responsabilidade civíl ou penal en que puíderan ter incorrido os titulares no exercicio das actividades habilitadas coa presentación da declaración responsable ou da comunicación. Só producirán efectos entre o concello e os suxeitos declarantes e non alterarán as situacións xurídicas entre estes e as demais personas.

Co fin de facilitar o control a instancia das inspección administrativas todos os furanchos tendrán un distintivo oficial que se renovará anualmente.

**ARTIGO 9. TEMPADA DE FUNCIONAMENTO.**

a) Tal e como se establece no artigo 6 da presente ordenanza, establécese con carácter xeral, o inicio da tempada anual de funcionamento dos furanchos o 1 de decembro, e a súa finalización o 30 de xuño.

b) Excepcionalmente, a persoa titular do furancho que queira modificar este período de apertura deberá solicitalo de forma motivada para cada ano de actividade, pero nunca poderá ser máis alá do 31 de xullo. Con todo, o período de apertura non poderá superar o 3 meses que indica o artigo seguinte.

**ARTIGO 10. ELECCIÓN DO PERÍODO DE APERTURA.**

1. A elección do período de apertura dos furanchos non poderá ser superior aos tres (3) meses e, en todo caso, estará comprendido na tempada de funcionamento establecida no artigo anterior.

2. Os/as titulares dos furanchos farán constar, xunto coa declaración responsable previa e demais documentación esixida, o período de funcionamento pretendido.

3. Fóra dese prazo, a actividade de furancho reputarase como carente de título xurídico habilitante, dispoñéndose a súa clausura e cesamento inmediato e efectivo.

**ARTIGO 11. PECHE ANTICIPADO.**

a) O esgotamento ou falta de colleita de viño nun ano será causa xustificada para o peche do establecemento, sen que supoña unha baixa da actividade. Non obstante, os/as titulares estarán obrigados a comunicar tal circunstancia ó concello de Pantón, para a correspondente anotación rexistral do peche temporal no prazo de 10 días contados con anterioridade á data prevista para o peche.

b) Se un furancho que dispoña de resolución municipal de conformidade co declarado, non comunica a renovación para abrir ao público durante tres períodos anuais consecutivos, será dado de baixa do rexistro municipal e deberá achegar unha nova declaración responsable para poder reabrir.

**ARTIGO 12. REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS**

1. O concello creará un Rexistro Municipal de furanchos de Pantón, para a inscrición de oficio de todos os furanchos que, cumprindo co disposto nesta ordenanza, desenvolvan a súa actividade dentro do termo municipal de Pantón.

2. O Concello de Pantón dará traslado do seu contido aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade. Os datos mínimos do rexistro municipal de furanchos de Pantón, serán os seguintes:

Datos permanentes:

- Nome do/a titular/es do furancho.
- DNI do/a titular do furancho.
- Denominación/nome do furancho.
- Domicilio do furancho.
- Confirmación de que o establecemento cumpre cos requisitos esixidos neste ordenanza.
- Período de apertura do furancho.
- Copia auténtica do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
- Proxecto técnico asinado por facultativo competente con pronunciamento expreso sobre a normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios, a sanitaria (relativa á loita contra o tabaquismo), así como aqueloutra que lle resulte de aplicación.

Datos renovados anualmente:

- Declaración responsable.
- Informe técnico-sanitario no que figure a análise do viño posto á venda.

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

- Documento acreditativo de ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil de acordo co establecido na presente ordenanza.
- Documento acreditativo de ter regularizada a totalidade da súa viña no Rexistro Vitícola de Galicia, de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- Memoria descritiva da cantidade de viño posto a venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade dos mesmos.
- Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.

**ARTIGO 13. OBRIGAS DAS PERSOAS TITULARES DOS FURANCHOS**

As persoas titulares dos furanchos deberán observar as obrigas recollidas no artigo 35 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, sempre que non sexan contrarias á singularidade destes locais e, en particular, as seguintes:

a) Velar polo bo estado xeral das dependencias e polo mantemento das instalacións e servizos do furancho e garantir un trato correcto á clientela.

b) Informar previamente con obxectividade e veracidade á clientela sobre o réxime de servizos que se ofertan no local, as condicións de prestación destes e o seu prezo e forma de pago.

c) Ter a disposición das persoas usuarias follas de reclamacións e facer entrega dun exemplar cando lles sexa solicitado.

d) Emitir xustificantes de pagamento que detallen os servizos, de conformidade cos prezos ofertados ou pactados.

e) Os locais estarán obrigados a exhibir nun lugar visible unha póla de loureiro, coa que tradicionalmente se identifican os furanchos, dentro do local.

f) Os/as titular/es dos furanchos deberán ter contratado unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, consonte co establecido no artigo 15 desta ordenanza.

**ARTIGO 14. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS USUARIOS/AS**

As persoas usuarias destes locais terán os dereitos e obrigas que lles recoñece o título II da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, sempre que sexan aplicables coas peculiaridades dos furanchos, fundamentalmente, os seguintes:

1. Dereito de información.

2. Dereito á calidade dos bens e servizos adquiridos.

3. Dereito á seguridade.

4. Dereito á tranquilidade e intimidade.

5.Dereito a formular queixas e reclamacións.

6. Dereito de non discriminación.

**ARTIGO 15. PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL**

1. Consonte ao disposto nos artigos 7 e 13 desta ordenanza, os/as titulares dos furanchos deberán contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que deberá ter como mínimo o seguinte contido e coberturas:

- Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade.
- Os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia a devandita póliza. Para estes efectos deberán presentar periodicamente os correspondentes xustificantes de pagamento que acrediten tal vixencia ante o Concello, xunto coa correspondente declaración responsable ou comunicación previa de renovación ou cambio de titularidade.

2. Para que a póliza de seguro cumpra coa súa finalidade, a súa contía, así como a das franquías, poderán ser modificadas mediante acordo do órgano municipal competente que deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia.

**ARTIGO 16. CAMBIO DE TITULARIDADE. TRANSMISIÓN**

O/a novo/a titular deberá comunicar a transmisión do furancho ao concello, que lle dará traslado ás consellerías ou órganos competentes en materia de turismo, medio rural, facenda e sanidade, para o que achegará a seguinte documentación:

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

1. Comunicación previa de cambio de titularidade segundo modelo oficial que consta no anexo II desta ordenanza, na que se acreditará a concorrencia no novo/a titular do cumprimento dos requisitos dos artigos 5 e 6 desta ordenanza.

2. Sinatura do/a anterior titular e do/a novo/a titular en transmisión inter-vivos, ou, no seu caso, a documentación acreditativa da transmisión mortis-causa.

3. Copia auténtica da documentación acreditativa da transmisión (copia do título xurídico habilitante cuxa titularidade se transmite) ou, no seu caso, da acreditación da dispoñibilidade do inmoble ou local polo novo/a titular.

4. NIF/ NIE do/a anterior titular e do/a novo/a titular.

5. Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo, nas condicións establecidas nos artigos 13.f), e 15 da presente ordenanza, a nome do/a novo/a titular do furancho.

6. Documento acreditativo do pago da taxa da taxa correspondente (ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenza de apertura de establecementos).

**ARTIGO 17. NOTIFICACIÓN DE CAMBIOS E COMUNICACIÓN DO PECHE DO ESTABLECEMENTO.**

1. As persoas titulares dos furanchos están obrigadas a comunicarlle ao concello de Pantón, mediante o modelo oficial que consta no anexo III da presente ordenanza, calquera cambio que afecte ao seu funcionamento, para o que achegarán a documentación xustificativa do cambio pretendido, así como o cesamento definitivo da súa actividade, no prazo de 10 días hábiles contados con anterioridade a data prevista para o peche do cambio comunicado. Pola súa parte o concello de Pantón notificará estos cambios as Consellerías ou órganos competentes en materia de turismo, Medio Rural, Facenda e Sanidade.

2. O concello de Pantón, poderá decretar a baixa dun furancho, de oficio, canto teña constancia do cese da actividade por non producirse a apertura durante os períodos autorizados sen causa xustificada, ou cando o establecemento deixe de cumprir, de maneira grave e inxustificada, algún dos requisitos e condicións esixidos para o exercicio da súa actividade.

**ARTIGO 18. INSPECCIÓN, VIXILANCIA E CONTROL POLO CONCELLO DE PANTÓN**

1. O concello de Pantón, unha vez recibida comunicación de inicio de actividade dun furancho dentro do seu termo municipal, realizará, a través dos servizos técnicos de inspección urbanística, as actividades de comprobación, control e inspección que sexan necesarias para verificar o debido cumprimento polos/as titulares, das determinacións desta ordenanza e demais normativa aplicable aos furanchos, así como do declarado ou comunicado respecto á actividade, períodos e horarios de apertura, sen prexuízo das das facultades de inspección que poidan corresponder a Administración autonómica en función da materia, singularmente no que respecta inspección turística.

2. A concorrencia de supostos de omisión, inexactitude ou falsidade de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, a non presentación ante a administración competente da preceptiva declaración responsable ou comunicación previa, ou a apertura fóra da tempada declarada e conformada polo Concello, determinarán, con carácter xeral, a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o intre en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

3. As persoas titulares do furancho terán a obriga de colaborar coas labores de vixilancia e inspección dos servizos técnicos municipais, achegando a documentación requirida e permitindo o acceso ao local do furancho para realizar as accións de comprobación necesarias para o seu labor. A obstrución á inspección ou a negativa a facilitar a información requirida pola inspección terá a consideración de infracción grave á Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, tipificada no seu artigo 110.7.

**ARTIGO 19. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento das normas recollidas na presente ordenanza, dará lugar á aplicación da normativa sancionadora vixente no ámbito das competencias sectoriais propias das administracións afectadas, de conformidade coas infraccións e sancións tipificadas na Lei de turismo de Galicia.

2. Se os incumprimentos do réxime regulado nesta ordenanza fosen constitutivos doutras infraccións administrativas tipificadas por razón da materia pola normativa sanitaria, do Medio rural en xeral, ou do réxime regulador do viño en particular, da normativa tributaria ou da facenda pública, da urbanística, da medio ambiental ou calquera outra normativa sectorial de aplicación, estarase ao disposto no artigo 25.1 da presente ordenanza, agás que a competencia sancionadora corresponda a este concello.

**ARTIGO 20. INTRUSISMO PROFESIONAL**

O desenvolvemento por parte dos furanchos da actividade propia das empresas de restauración reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, ou a realización de publicidade propia destas empresas, en contravención dos requisitos que lles son esixibles para o seu inicio e/ou do disposto no artigo 10.3 da presente Ordenanza, terán a consideración de intrusismo profesional e

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

serán sancionados administrativamente consonte co establecido na citada lei, sen prexuízo das medidas procedentes para garantir o cesamento da actividade realizada sen título xurídico habilitante.

**ARTIGO 21. SUXEITOS RESPONSABLES**

1. Consideraranse suxeitos responsables administrativamente das infraccións cometidas nas materias relacionadas co funcionamento dos furanchos, ás persoas que figuren como titular/es dos mesmos.

2. No caso de que sexan varias as persoas titulares, responderán de forma solidaria das infraccións cometidas e das sancións que se impoñan ao respecto.

**ARTIGO 22. CONCORRENCIA DE SANCIÓNS E VINCULACIÓNS COA ORDE XURISDICIONAL PENAL**

1. Non serán sancionables simultaneamente uns mesmos feitos constitutivos de infraccións penais e administrativas, non casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións tipificada na normativa reguladora dos furanchos se obteñen indicios de que estes poden constituír delito ou falta, suspenderase o procedemento e se informará ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo da adopción, das medidas provisionais oportunas.

**ARTIGO 23. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS E PRESCRICIÓN**

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve as previstas no artigo 109 da Lei de Turismo de Galicia e, en particular as seguintes:

1. A modificación do período de apertura sen presentar unha nova solicitude ao concello.

2. A falta de comunicación ao concello nos supostos de transmisión e cambio de titularidade do furancho.

3. A falta de comunicación ao concello de calquera cambio que afecte ao funcionamento do furancho, así como o cese da súa actividade, e a motivación de ditos feitos.

4. Non mostrar o distintivo oficial na entrada do furancho.

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave as previstas no artigo 110 da Lei de Turismo de Galicia e, en particular as seguintes:

a) O subministro de viño embotellado.

b) A non presentación da declaración responsable previa ou da documentación esixida no artigo 7 desta ordenanza.

c) A venda de viño non orixinario do excedente do consumo propio procedente exclusivamente dos seus viñedos.

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi grave as previstas no artigo 111 da Lei de Turismo de Galicia ou na lei que nun futuro a substitúa.

**ARTIGO 24. RÉXIME DE SANCIÓNS E PRESCRICIÓN**

A comisión das infraccións tipificadas na presente ordenanza será obxecto da correspondente sanción e graduación administrativa, de conformidade co establecido na Lei de Turismo de Galicia ou na lei que nun futuro a substitúa.

As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres (3) anos, as graves aos dous (2), e as leves ao ano (1).

**ARTIGO 25. COMUNICACIÓNS**

- O Concello de Pantón, no exercicio dos seus labores de inspección, comunicará ás autoridades autonómicas competentes segundo a materia de que se trate, os incumprimentos detectados na actividade dos furanchos.
- Do mesmo xeito, no suposto de que o Concello da Pantón teña constancia da prestación nos furanchos de servizos de restauración dos clasificados nalgún dos grupos de empresas de restauración que recolle o artigo 77 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, o porá en coñecemento, de xeito inmediato, do órgano competente en materia de turismo.

Tendo en conta que, ao respecto da aspirante seleccionada para ser nomeada, ditouse Resolución da Alcaldía en data 26 de novembro, acordando suspender o prazo de presentación da documentación establecida na base xeral 13.1, por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante Dª. Diana María Rodríguez Rodríguez, quedando en consecuencia suspendido o prazo para o seu nomeamento e posterior toma de posesión en tanto concorra a causa de suspensión. Comprobada a concorrencia da causa de suspensión dende o inicio do prazo de presentación da documentación, este prazo reiniciarase na súa totalidade no momento no que deixe de concorrer a causa que motivou a suspensión, comezando nese momento o cómputo do prazo de 20 días hábiles previsto na base xeral 13.1.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 19 de decembro de 2024, Núm. 292, publicase Resolución de Alcaldía sinalando que se realizará o nomeamento referente a esta praza unha vez reiniciado o prazo suspendido de presentación da documentación establecida na base xeral 13.1 por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante Dª. Diana María Rodríguez Rodríguez e presentada pola aspirante seleccionada a totalidade da documentación prevista na referida base. En caso de que unha vez reanudado o prazo non se presente a referida documentación, deberá seguirse a tramitación establecida na base xeral 13.4, ao respecto desa praza vacante.

Tendo en conta que Dna. Diana María Rodríguez Rodríguez presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro en data 23 de abril de 2025, comunicación de alta da súa situación de Incapacidade Temporal e posteriormente en data 09 de maio de 2025, presenta comunicación presentando xustificante de correos da data de recepción da notificación da Resolución do INSS relativa ao remate da causa de suspensión do nomeamento sendo a data de inicio do computo do prazo de reanudación segundo se establece na base xeral

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

13.1 da presentación da documentación, e polo tanto sendo esta o día 23 de abril de 2025 segundo xustificante presentado que consta no expediente.

Visto que constqa no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que Dna. Diana María Rodríguez Rodríguez presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a documentación en tempo e forma establecida no punto 13.1 das bases xerais.

Unha vez conste no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.**- Nomear a *Dona Diana María Rodríguez Rodríguez*, como funcionario de carreira para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT **"VIXIANTE DE URBANISMO"** (SX5.4-/033) na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais do Concello de Viveiro.

O prazo de toma de posesión da praza e do posto será de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia. No caso de persoal funcionario interino e eventual, a toma de posesión producirase ao día seguinte ao nomeamento; de conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-Lei 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenazgo.

**SEGUNDO.**- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

**TERCEIRO.**- Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 28 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Dª. María Carmen Gueimunde González. Ante min, a Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dª. María Luz Balsa Rábade.

R. 1483

---

*Anuncio*

Dª. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publicase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da tasa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reducción da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publicase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publicase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan dúas prazas de **"RECEPCIONISTA PISCINA"** .

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de **"RECEPCIONISTA PISCINA"** persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di*:"(...)* ***RESOLVE:***

**PRIMEIRO.**- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 08 de marzo de 2024 e do 18 de setembro de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

***SEGUNDO.****- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de* Dna. Maria Alonso Novo e Dna. Maria Del Mar Díaz Cuba, *como* ***aspirantes seleccionados****, para ocupar en propiedade as dúas prazas vacantes* ***"RECEPCIONISTA PISCINA"*** *na Escala Administración Xeral, Subescala Subalterno, como persoal laboral fixo.*

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala *"(...)****16. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO.***

***16.1 Órgano competente.***

*A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.*

***16.2. Publicación.***

*A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.*

***16.3. Remate do proceso selectivo.***

*A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.*

***17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.***

***17.1. Prazo.***

*A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.*

***17.2. Falta de toma de posesión.***

*De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automáticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.*

***17.3. Requisitos.***

*O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizos das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato..."*

Tendo en conta que, ao respecto da aspirante seleccionada para ser nomeada, ditouse Resolución da Alcaldía en data 27 de novembro, acordando suspender o prazo de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1, por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante Dª. María Alonso Novo, quedando en consecuencia suspendido o prazo para o seu nomeamento e posterior toma de posesión en tanto concorra a causa de suspensión. Comprobada a concorrencia da causa de suspensión dende o inicio do

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

prazo de presentación da documentación, este prazo reiniciarase na súa totalidade no momento no que deixe de concorrer a causa que motivou a suspensión, comezando nese momento o cómputo do prazo de 20 días hábiles previsto na base xeral 15.1.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 04 de decembro de 2024, Núm. 280, publicase Resolución de Alcaldía sinalando que se realizará o nomeamento referente a esta praza unha vez reiniciado o prazo suspendido de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1 por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante Dª. María Alonso Novo e presentada pola aspirante seleccionada a totalidade da documentación prevista na referida base. En caso de que unha vez reanudado o prazo non se presente a referida documentación, deberá seguirse a tramitación establecida na base xeral 15.4, ao respecto desa praza vacante.

Tendo en conta que no sistema red da Seguridade Social, consta alta de Dna. María Alonso Novo en data 19 de maio de 2025.

Tendo en conta que Dna. María Alonso Novo en data 21 de maio de 2025, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a documentación en tempo e forma establecida no punto 15.1 das bases xerais.

Visto o disposto na base xeral 16 a Alcaldía resolverá definitivamente o proceso selectivo no prazo máximo de un mes dende a data límite para a presentación da documentación previa nomeando como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade dúas prazas vacantes **"RECEPCIONISTA PISCINA"** na Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar do Concello de Viveiro.

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.**-Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **Dna. Maria Alonso Novo,** como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade unha das **dúas prazas** vacantes **"RECEPCIONISTA PISCINA"** na Escala Administración Especial, Subescala Auxiliar do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para cada posto de traballo na RPT en consonancia co disposto na normativa vixente.

**SEGUNDO.**- O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron dúas prazas vacantes **"RECEPCIONISTA PISCINA"** coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (EC3.1/087 e EC3.1/088) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal laboral fixo no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopen desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas convocadas de "RECEPCIONISTA PISCINA" ás que accederon obterán destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

**TERCEIRO.**- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

**CUARTO.**- Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 28 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Dª. María Carmen Gueimunde González. Ante min, a Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dª. María Luz Balsa Rábade.

R. 1484

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

## *Anuncio*

Dª. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publicase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da tasa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reducción da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publicase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publicase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan quince prazas de **"ADMINISTRATIVO/A"**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de **"ADMINISTRATIVO/A"** funcionario de carreira.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di*:"(...)* ***RESOLVE:***

**PRIMEIRO.**- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 08 de marzo de 2024 e do 18 de setembro de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

***SEGUNDO.****- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de* Dna. Maria Alonso Novo e Dna. Maria Del Mar Díaz Cuba, *como* ***aspirantes seleccionados****, para ocupar en propiedade as dúas prazas vacantes* ***"RECEPCIONISTA PISCINA"*** *na Escala Administración Xeral, Subescala Subalterno, como persoal laboral fixo.*

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala *"(...)****16. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO.***

***16.1 Órgano competente.***

*A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.*

***16.2. Publicación.***

*A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.*

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

*16.3. Remate do proceso selectivo.*

*A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.*

*17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.*

*17.1. Prazo.*

*A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.*

*17.2. Falta de toma de posesión.*

*De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automáticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.*

*17.3. Requisitos.*

*O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizos das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato..."*

Tendo en conta que, ao respecto dunha das aspirantes seleccionadas para ser nomeada, ditouse Resolución da Alcaldía en data 27 de novembro, acordando suspender o prazo de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1, por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante Dª. María Alonso Novo, quedando en consecuencia suspendido o prazo para o seu nomeamento e posterior toma de posesión en tanto concorra a causa de suspensión. Comprobada a concorrencia da causa de suspensión dende o inicio do prazo de presentación da documentación, este prazo reiniciarase na súa totalidade no momento no que deixe de concorrer a causa que motivou a suspensión, comezando nese momento o cómputo do prazo de 20 días hábiles previsto na base xeral 15.1.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 02 de decembro de 2024, Núm. 278, publicase Resolución de Alcaldía sinalando que se realizará o nomeamento referente a esta praza unha vez reiniciado o prazo suspendido de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1 por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto da aspirante Dª. María Alonso Novo e presentada pola aspirante seleccionada a totalidade da documentación prevista na referida base. En caso de que unha vez reanudado o prazo non se presente a referida documentación, deberá seguirse a tramitación establecida na base xeral 15.4, ao respecto desa praza vacante.

Tendo en conta que no sistema red da Seguridade Social, consta alta de Dna. María Alonso Novo en data 19 de maio de 2025.

Tendo en conta que Dna. María Alonso Novo en data 21 de maio de 2025, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a documentación en tempo e forma establecida no punto 15.1 das bases xerais.

Visto o disposto na base xeral 16 a Alcaldía resolverá definitivamente o proceso selectivo no prazo máximo de un mes dende a data límite para a presentación da documentación previa nomeando como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade unha das prazas vacantes **"ADMINISTRATIVO/A"** na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa do Concello de Viveiro.

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.**-Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear **a Dna. Maria Alonso Novo,** como funcionarios de carreira para ocupar en propiedade unha das prazas vacantes **"ADMINISTRATIVO/A"** na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa do Concello de Viveiro.

**SEGUNDO.**- O prazo de toma de posesión será de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia. No caso de persoal funcionario interino e eventual, a toma de posesión producirase ao día seguinte ao nomeamento; de conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xusticia, función pública, réximen local e mecenazgo.

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron quince prazas vacantes **“ADMINISTRATIVO/A”** coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (SX1.0/003, SX1.2/008, SX1.0/009, SX2-/012, SX2-/013, SX3-/017, SX3-/018, SX3-/019, SX4-/021, SX5.3/028, SX6.5/038, SX6.6/039, SX6.8/042, BS1.2/117, BS1.2/118) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional tomando posesión como destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopen desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas convocadas de “ADMINISTRATIVO/A” ás que accederon obterán destino provisional, tomando posesión como destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

**TERCEIRO.**- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

**CUARTO.**- Notificar a presente Resolución ás interesadas, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en Viveiro, a 28 de maio de 2025. A Alcaldesa, Asdo. Dª. María Carmen Gueimunde González. Ante mín, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Asdo. Dª. María Luz Balsa Rábade.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 28 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Dª. María Carmen Gueimunde González. Ante min, a Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dª. María Luz Balsa Rábade.

R. 1485

---

## XOVE

*Anuncio*

Por Decretos de Alcaldía nº 2025-1028 e 2025-1027 de data 28 de maio de 2025, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrencia e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de abril de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 02 de xuño de 2025 ata 03 de agosto de 2025; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 28 de maio de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1465

---

Anuncio publicado en: Num BOP 126 año 2025 (04/06/2025 08:00:00)